



## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

### ACTA N.º 11/2017 SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O 20 DE DECEMBRO DE 2017

#### ASUNTOS

#### I.- PARTE RESOLUTIVA

I.1.- DELEGACIÓN NO CONCELLO PLENO DA COMPETENCIA DE DETERMINAR O DESTINO DOS FONDOS ASIGNADOS AO CONCELLO DE NIGRÁN CORRESPONDENTES AOS PLANS DE INVESTIMENTOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL (PLAN CONCELLOS OU SIMILARES)

I.2.- SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL E DE BONIFICACIÓN DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES (I.B.I.) PARA O EXERCICIO 2018

I.3.- PLAN SECTORIAL DE EQUIPAMENTOS COMERCIAIS DE GALICIA: GRANDES ÁREAS COMERCIAIS

I.4.- REXISTRO MUNICIPAL DE PROVEDORES DE OBRA CIVIL

I.5.- AMPLIACIÓN E MELLORA RÚAS GÁNDARA E PONTE MUÍÑA

#### II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

II.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, ESPECIAL REFERENCIA AO ARQUIVO DAS ACTUACIÓNS DIRIXIDAS Á ADQUISICIÓN DE TERREO PARA A CONSTRUCCIÓN DE NAVE-ALMACÉN MUNICIPAL EN PORTO DO MOLLE

II.2.- ROGOS E PREGUNTAS

#### ASISTENTES:

#### Grupos:

#### Alcalde-Presidente:

- PSOE:

- D. Juan Antonio González Pérez

#### Concelleiros/as:

- D.<sup>a</sup> Raquel Giráldez Armas

- D. Diego García Moreira

- D. Rubén Rial Sánchez

- D.<sup>a</sup> Ana Pérez Pérez

- D. José Luis Sanromán Román

- D. Alfonso Vázquez Pérez

- PP:

- D. Alberto García Pazos

- D.<sup>a</sup> Liliana Silva Pequeño

- D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Carmen Alonso Macías Jorreto

- D. Miguel Alonso Fernández

- D.<sup>a</sup> Rosa Rodríguez Rodríguez

- NIGRÁN DECIDE:

- D. José Cuevas Raposo

- D. Anxo Daniel Mosquera Nogueira

-UCNigrán:

- D. Antonio Fernández Comesaña

- BNG:

- D. Xavier Rodríguez Fernández

---





## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Interventor: D. Modesto Solla Sanz  
Secretario: D. Julio César Doallo Álvarez

### Outros datos da sesión:

- *Data*: Mércores, 20 de decembro de 2017
- *Lugar de celebración*: Salón de Sesións da Casa do Concello de Nigrán
- *Carácter da sesión*: ordinario, ao adiantarse un día a data inicialmente prevista.
- *Convocatoria*: primeira
- *Hora de comezo*: 20:01
- *Hora de remate*: 21:40
- *Número legal de membros da Corporación*: 17
- *Número de membros asistentes no momento da constitución*: 16
- *Non asiste*: D. Alberto Valverde Pérez

### Incidencias:

- a) Alteracións no *quórum* de asistencia: Non se producen.
- b) Outras incidencias: Non se recollen.

---

Coas circunstancias sinaladas celebrouse, en acto público, a sesión plenaria á que se refire a presente acta, na que se trataron os asuntos que seguidamente se describen:

### I.- PARTE RESOLUTIVA

#### I.1.- DELEGACIÓN NO CONCELLO PLENO DA COMPETENCIA DE DETERMINAR O DESTINO DOS FONDOS ASIGNADOS AO CONCELLO DE NIGRÁN CORRESPONDENTES AOS PLANS DE INVESTIMENTOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL (PLAN CONCELLOS OU SIMILARES)

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 13 de decembro de 2017, informa favorablemente a iniciativa do Grupo Municipal do Partido Popular coa seguinte proposta:

#### CONSIDERACIONES PREVIAS

- 1.- La Presidencia de la Excm. Diputación Provincial de Pontevedra hizo público el proyecto de presupuestos de la misma para el ejercicio 2018 en fecha 22 de Noviembre del presente mes.
- 2.- Avanzó que en el mismo existirá una partida de 41 millones de euros dedicada al denominado Plan de Obras y Servicios - "Plan Concellos".
- 3.- En en el BOP de la Provincia Nº 29 de fecha Viernes 30 de Diciembre del 2016 se publicaron las Bases Reguladoras del Plan Concellos 2017.
- 4.- En el articulado del mismo se indicaba :  
... " Capítulo I. Disposicións xerais  
Primeira. Obxecto





## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Estas bases e a convocatoria teñen por obxecto regular o procedemento de concesión, execución e xustificación das subvencións que se concedan con cargo a este Plan. As finalidades subvencionables serán as que se sinalan nestas bases e terán que ser de competencia municipal.

No marco destas bases, os concellos poderán libremente determinar a elección dos investimentos e actuacións subvencionables que desexen realizar. Non obstante, se algún proxecto ou proposta de actuación non se axustase ao obxecto destas bases, a Deputación poderá rexeitar este proxecto. Nese caso, o Concello poderá presentar unha nova proposta."....

... " Segunda. Natureza xurídica

As axudas que se concedan ao abeiro desta convocatoria teñen a natureza xurídica de subvencións, de acordo cos criterios establecidos na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (en diante LXS), e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en adiante LSG) "...

... " Cuarta. Beneficiarios

Poderán solicitar as axudas reguladas nestas bases os concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo.

"...Quinta. Financiamento e contía das subvencións

O Plan conta con tres liñas de subvencións para os concellos que se financian con cargo ás dotacións orzamentarias das seguintes aplicacións:

- 17/942-9425-462.03 (Plan de Cooperación cos Concellos-17)
- 17/942-9425-462.45 (Plan de Cooperación cos Concellos-17)
- 17/942-9425-762.45 (Plan de Cooperación cos Concellos-17)

Correspóndelle a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e e con respecto aos límites establecidos nestas bases

... "En consecuencia, cada concello coñecerá as cantidades que lle corresponden dentro dos cinco primeiros días hábiles seguintes ao da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO). Tamén poderán informarse dirixíndose ao Servizo de Cooperación." ...

5.- En el Presupuesto Municipal del año 2016 , los componentes del Pleno pudieron decidir a través de la aprobación del mismo, los destinos al menos de las Inversiones del Plan Concellos 2016. En el año 2017 esto no fue posible or no aprobarse presupuesto para este año y el Sr. Alcalde decidió bajo su competencia los destinos en inversiones de la cuantía destinada en este ejercicio presupuestario al Ayuntamiento de Nigrán.

6.- Los titulares de prensa escrita del día 14 de Junio del 2015, fecha posterior a la toma de posesión del actual Alcalde reseñaban :

.." González promete participación, transparencia e consenso "....

.." Juan González promete "transparencia y participación"...

En base a lo anteriormente expuesto nuestro Grupo propone al Pleno para su debate y aprobación si así se considerase oportuno el siguiente texto de MOCION:





1.- Solicitar al Sr. Alcalde delegue de forma expresa en el Pleno Municipal la competencia de decidir el destino de los fondos asignados al Ayuntamiento de Nigrán desde la Excm. Diputación Provincial a través del Plan Concellos o similares, en su LINEA 1, a partir del correspondiente al ejercicio presupuestario 2018 y posteriores.

2.- De forma previa a su aprobación en el Pleno, el Sr. Alcalde presentará a los componentes del mismo a través de los diferentes grupos políticos municipales representados en la Comisión Especial de Cuentas, sus propuestas de destino de dicha subvención, aportando justificación motivada de las mismas, e informes técnicos acompañantes si así fuesen precisos para completar técnicamente la mismas. Será esta Comisión la que analice y debata las mismas hasta dictaminar favorablemente una propuesta que cuente con mayoría simple de votos para su aprobación plenaria.

#### **Deliberación.- Síntese das intervencións:**

*D. Alberto García Pazos, do grupo Popular:* O que se pretende é que este tipo de investimentos se decidan polo Pleno previo ditame da Comisión de Contas. Deste xeito terán máis participación os grupos.

*D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:* Están de acordo. Tamén alude ao regulamento de participación cidadá, que debería aplicarse a estes casos, dada a súa transcendencia para os cidadáns.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:* A proposta foi ditaminada por unanimidade e el xa apoiara este tipo de criterio.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:* Noutras épocas pasadas o funcionamento destes plans da Deputación non permitía integrar os plans no orzamento municipal. Agora cambiou a filosofía e pódese coñecer con antelación a cantidade que vai percibir o Concello coa posibilidade de integrar os investimentos no orzamento. Votarán a favor.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Na súa intención xa estaba abrir o debate aos grupos.

*Sr. Secretario Xeral:* Alude ao réxime de delegacións, que non contempla a do Alcalde no Pleno, polo que aconsella modificar a redacción da proposta.

*Sr. García Pazos:* Acepta que se modifique a proposta.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Tratarase de incorporar os investimentos no orzamento.

*Sr. Rodríguez Fernández:* Sempre debe ir no orzamento. E débese aclarar a competencia.

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 16; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.





Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello, modificando a parte dispositiva da proposta ditaminada pola Comisión Informativa, acorda:

1.- Solicitar al Sr. Alcalde que someta al Pleno Municipal la decisión sobre el destino de los fondos asignados al Ayuntamiento de Nigrán desde la Excm. Diputación Provincial a través del Plan Concellos o similares, en su LINEA 1, a partir del correspondiente al ejercicio presupuestario 2018 y posteriores.

2.-De forma previa a su aprobación en el Pleno, el Sr. Alcalde presentará a los componentes del mismo a través de los diferentes grupos políticos municipales representados en la Comisión Especial de Cuentas, sus propuestas de destino de dicha subvención, aportando justificación motivada de las mismas, e informes técnicos acompañantes si así fuesen precisos para completar técnicamente la mismas. Será esta Comisión la que analice y debata las mismas hasta dictaminar favorablemente una propuesta que cuente con mayoría simple de votos para su aprobación plenaria.

## I.2.- SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL E DE BONIFICACIÓN DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES (I.B.I.) PARA O EJERCICIO 2018

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 13 de decembro de 2017, informa favorablemente o expediente, coa seguinte proposta da Alcaldía:

*Vista a solicitude formulada pola entidade A.V.C.D. O Castro de Chandebrito, solicitando ser declarada de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias culturais, aos efectos da aplicación da bonificación do 95 % da cota íntegra do imposto de bens inmobles (I.B.I.), prevista no punto 4 do artigo 6 da ordenanza fiscal reguladora do citado imposto.*

*Esta Alcaldía, propón ao Pleno do Concello de Nigrán a adopción dos seguintes acordos:*

**PRIMEIRO:** *Declarar a citada entidade de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias culturais.*

**SEGUNDO:** *Aplicar a correspondente bonificación do 95% da cota íntegra do imposto de bens inmobles para o exercicio 2018.*

**Deliberación.-** Síntese das intervencións:

*Sr. Alcalde-Presidente:* Fai referencia á proposta que se somete á consideración do Pleno.

*D. Alberto García Pazos, do grupo Popular:* Anuncia a abstención do seu grupo.

*D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:* Votarán a favor.





*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:* Reitera a postura adoptada no Pleno anterior.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:* Tamén mantén a posición expresada naquela ocasión.

*Sr. Alcalde-Presidente:* O voto favorable supón levantar os reparos da Intervención.

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 10; PSOE, Nigrán Decide e UCN.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 6; PP e BNG.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello, levantando os reparos da Intervención, acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

### **I.3.- PLAN SECTORIAL DE EQUIPAMENTOS COMERCIAIS DE GALICIA: GRANDES ÁREAS COMERCIAIS**

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 14 de decembro de 2017 á iniciativa do BNG, acordou ditaminar favorablemente a seguinte moción:

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

No concello de Vigo existe un proxecto de construción dun macrocomplexo comercial e de lecer no monte comunal de Liñeiriños-Cabral, promovido por Eurofund Investments.

A instalación deste macrocentro comercial suporía un golpe moi duro para o sector do pequeno comercio de proximidade, coa perda estimada duns 6.000 empregos, un problema que afectará a Vigo pero, especialmente, ao pequeno comercio dos concellos limítrofes, como é o noso caso.

No BNG coincidimos coa plataforma en defensa do comercio local, recentemente constituída e que abrangue a maior parte dos concellos da comarca, incluídos os do Val Miñor, en que este é un problema para toda a contorna de Vigo. Afectará, en termos xerais, a uns 20.000 negocios. Este tipo de grandes áreas comerciais ademais de arrasar co pequeno comercio, contribúen á perda de postos de traballo e á precarización do emprego no sector comercial levándose, ademais, a maior parte dos seus beneficios para fóra.

Por iso consideramos que a Xunta de Galiza debería desenvolver un plan sectorial de equipamentos comerciais na Galiza, co obxecto de ordenar a oferta comercial e defender o comercio local e de proximidade.

Por estas razóns, solicito do Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes **ACORDOS**





1. Instar á Xunta de Galiza a aprobar unha moratoria de dez anos na concesión de licenzas para grandes áreas comerciais.
2. Instar á Xunta de Galiza a desenvolver un plan sectorial de equipamentos comerciais en Galiza, a xeito de ordenar a oferta comercial e a defensa do comercio de proximidade.

**Deliberación.-** Síntese das intervencións:

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:* Refírese aos antecedentes e ao trámite no Parlamento de Galicia, ao que chega unha iniciativa favorable, á que se opón o pequeno comercio. Diante deste panorama pensan que se debe tomar unha postura no sentido apuntado na moción.

*D<sup>a</sup>. Lilita Silva Pequeño, do grupo Popular:* O PP está a favor do pequeno comercio, pero pensan que as estimacións non están contrastadas. Absteranse.

*D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:* Votarán a favor. Tamén concorda que hai carencia de datos. Ese espazo xa deixou de ser terreo forestal desde o 90.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:* Pensa que este non é o foro para o debate da cuestión. Ademais estaríamos invadindo as competencias de Vigo e da Xunta. Absterase.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Tamén pensan que a cuestión desborda o ámbito municipal, pero recollendo a petición do noso pequeno comercio, apoiarán a moción.

*Sr. Rodríguez Fernández:* Para que se trate no Parlamento algún grupo deberá asumila. Sabemos que é competencia da Xunta e pedímoslle que a exerza neste sentido. Recóllese nela as demandas dos pequenos comerciantes de Nigrán.

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 10; PSOE, Nigrán Decide e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 6; PP e UCN.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

#### **I.4.- REXISTRO MUNICIPAL DE PROVEDORES DE OBRA CIVIL**

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 14 de decembro de 2017 á iniciativa do grupo Popular, acordou ditaminar favorablemente a seguinte proposta:

CONSIDERACIONES PREVIAS





1.- En los últimos tiempos tanto la sociedad civil en general, como los los diferentes partidos políticos han venido insistiendo en considerar valores a preservar y potenciar la TRANSPARENCIA, LA EFICIENTE GESTIÓN DE LOS FONDOS PÚBLICOS y LA IGUALDAD de OPORTUNIDADES.

Una de la Áreas de Gestión Municipal en que estos tres valores se hacen más necesarios y utilizables es el de la CONTRATACIÓN MUNICIPAL.

Aunque la actual legislación española de contratos permite en aquellos contratos de cuantías relativamente bajas. utilizar criterios en cuanto a la contratación de provisión de servicios. Suministros, o contratación de obras, que vienen a intentar primar la celeridad en la gestión, se ha demostrado que es completamente compatible acompañar una gestión rápida con la eficiencia, la transparencia y la competitividad. Es más la utilización de la transparencia y el fomento de la competitividad siempre hacen disipar cualquier duda existente sobre un correcto uso de las fondos públicos.

2.-La instauración de un Registro Municipal de Proveedores. en el caso de que se decidiese por el Pleno esta figura administrativa para la Contratación en Ayuntamiento de Nigrán (se ha instaurado en otros Ayuntamientos gallegos como el de O Carballiño) permitiría una mayor sencillez administrativa en el cumplimiento del artículo 60 del Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de Noviembre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Contratos del Sector Público.

3.- En el informe la Intervención General del Ayuntamiento de Nigrán a la última Cuenta General del año 2016, se incluía dentro del apartado de las recomendaciones el siguiente texto: "...para cumplir plenamente cos principios contractuais públicos (establecidos entre outros, no artigo 1 do TRLCPS) de boa administración, publicidade, transparencia, non discriminación, igualdade de trato entre os candidatos, libre competencia, eficiente utilización de fondos públicos, e para poder seleccionar a oferta economicamente máis ventaxosa, sen (auto)limitarse, en diversas contratacións menores, a contar so co presuposto dunha única empresa (e sen o establecemento previo do importe do contrato polo Concello, nen das características da obra, servizo ou subministro), o que, entre outros aspectos, impide poder acreditar documental e fehacemente a selección a oferta economicamente máis ventaxosa para o Concello de Nigrán: debéndose ter en conta que é legalmente posible, e económica e orzamentariamente recomendable, efectuar a publicidade que posibilite a libre concorrencia, o trato igualitario, non discriminatorio, e a transparencia dos contratos menores"...

Por todo lo anteriormente referido, nuestro Grupo a efectos de que sea debatida en Pleno y aprobada si así se considerase oportuno, presenta la siguiente MOCIÓN, con los puntos de acuerdo expuestos a continuación

1.- Instar al Gobierno Municipal de Nigrán a elaborar e implantar un Registro Municipal de proveedores de Obra Civil, tanto obra nueva, como reformas y reparaciones que por cuantía estén englobados en los denominados contratos menores y procedimientos negociados sin publicidad.

2.- Este Registro se mantendrá permanentemente actualizado, incorporándose a él cada empresa por solicitud directa dirigida al Sr. Alcalde y saliendo del mismo también por el mismo procedimiento, utilizando los medios formales de comunicación que el Ayuntamiento establezca en cada momento.

3 - El Ayuntamiento, siempre de forma motivada, procedería a eliminar del dicho registro. a aquellos proveedores que hubiesen incumplido con sus obligaciones contractuales con el







Ayuntamiento o tuviese en cualquier momento un incumplimiento administrativo de los requisitos que les permiten acceder a la contratación pública.

4.- A efectos de dar publicidad al establecimiento del registro municipal de Proveedores de Obras, el Ayuntamiento establecerá la forma de publicitar el mismo, se dotará de forma previa de una normativa de funcionamiento y establecerá las condiciones que deben cumplir los proveedores para incorporarse al mismo. Todas estas medidas administrativas deberán contar con el asesoramiento preciso de la Secretaría e Intervención Municipales, quienes además deberán informar favorablemente el documento definitivo de regulación de funcionamiento.

5.- En el momento de que exista necesidad por parte del Ayuntamiento de Nigrán de acceder a los servicios de un proveedor de obra pública (en las variantes descritas en párrafo pretérito), en las condiciones contractuales de CONTRATO MENOR o PROCEDIMIENTO NEGOCIADO sin publicidad, se solicitará oferta a todos los proveedores inscritos en el mencionado Registro en la fecha de la demanda de presupuesto.

#### **Deliberación.- Síntese das intervencións:**

*D. Alberto García Pazos, do grupo Popular:* Non se trata dun rexistro formal. No fondo é un listado de empresas feito de forma axeitada para potenciar a transparencia. O que se pretende é abrir a participación aos que queiran ofertar. Sería para os que tramitan e para o político responsable. Ademais a proposta supeditase ao criterio dos técnicos municipais. Non ten problema en deixalo sobre a mesa, e que incluso sexan os propios técnicos os que supervisen a redacción.

*Sr. Alcalde-Presidente:* De acordo co fondo. E con que o asunto se debata previo asesoramento.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:* A favor de que quede sobre a mesa.

**Votación e acordo sobre a proposta de deixar o asunto sobre a Mesa.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 16; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda deixar o asunto sobre a mesa

#### **I.5.- AMPLIACIÓN E MELLORA RÚAS GÁNDARA E PONTE MUÍÑA**

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 14 de decembro de 2017 á iniciativa do grupo UCN, acordou ditaminar favorablemente a seguinte proposta:

Exposición de Motivos:

1.- El Parque empresarial terciario de Porto do Molle, cuyo Plan de sectorización fue





aprobado definitivamente el 10/5/2005, tiene únicamente establecido su acceso y de forma principal desde la autopista AG- 57, no llegando a desarrollarse todavía la futura conexión prevista con la rúa dos Pazos, pendiente igualmente de concretar su trazado definitivo en el futuro Plan General de Ordenación Municipal, aprobado inicialmente en junio/2013, por lo que todavía su alternativa de acceso al parque es mediante estrechos caminos vecinales y en mal estado de conservación.

2.- En tal situación se encuentran los caminos denominados rúa da Gándara -de dirección única salida Mercadona-, y la rúa Ponte Muiña, que enlaza la rúa Telleira con la rotonda del Parque empresarial, siendo el principal vial de acceso al Instituto de Educación Secundaria Val Miñor, lo que soporta fundamentalmente un elevado volumen de tráfico pesado (autobuses, camiones etc), que discurren por un camino vecinal de escasos seis metros de ancho, sin acceso peatonal de ningún tipo y con el consiguiente riesgo para seguridad vial.

Viales que discurren por suelo rústico con mínimas afecciones y que permiten fácilmente llevar a cabo su ampliación y adaptación a las NNSS.

Por todo lo anteriormente expuesto, se propone al Pleno la adopción del siguiente, ACUERDO:

ÚNICO.- Instar al Alcalde Presidente, para que de forma urgente inicie expediente de contratación para la redacción del correspondiente proyecto técnico de ampliación y mejora de los caminos vecinales de: rúa Gándara y rúa Ponte Muiña, que sirven de acceso al Parque empresarial terciario de Porto do Molle, así como también su principal acceso al I.E.S. Val Miñor, dado que el estado actual supone un grave riesgo para la seguridad vial, y adaptado a las Normas Subsidiarias de Planeamiento Urbanístico, actualmente en vigor.

**Deliberación.- Síntese das intervencións:**

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:* Resume a proposta e xustifica os motivos que a amparan. Sabe que xa hai un proxecto de acondicionamento, pero falta abordar a ampliación. Ambas actuacións son compatibles. Ademais no financiamento debe involucrarse á Zona Franca.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Pensa que se debe compatibilizar esta proposta coa actuación que xa está en marcha.

*D. Alberto García Pazos, do grupo Popular:* A favor da moción. Pensan que é compatible coa actuación xa aberta. No convenio coa Zona Franca hai unha previsión de financiamento pola súa parte. Espera que non se demore.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Podería incluírse no acordo esa compatibilidade.

*Sr. Fernández Comesaña:* Xa se recolle.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Acéptase tal e como está.

*D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:* Os veciños teñen que soportar os inconvenientes derivados da situación. Está a favor da iniciativa.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:* Se se mantén así votará a favor. Xa pediu





hai tempo o arranxo.

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 16; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

## II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

### II.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA. ESPECIAL REFERENCIA AO ARQUIVO DAS ACTUACIÓNS DIRIXIDAS Á ADQUISICIÓN DE TERREO PARA A CONSTRUCCIÓN DE NAVE-ALMACÉN MUNICIPAL EN PORTO DO MOLLE

Aos efectos do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sinalase que dende a convocatoria da sesión estiveron á disposición dos Sres. Concelleiros as Resolucións da Alcaldía ditadas entre o 16 de novembro de 2017 (n.º 2169) e o 15 de decembro de 2017 (n.º 2349), ambos incluídos.

Tamén se da conta da Providencia do 15 de novembro de 2017, que di o seguinte:

#### ADQUISICIÓN DE TERREO PARA A CONSTRUCCIÓN DE NAVE-ALMACÉN MUNICIPAL

**Número Expediente:** 2017/006C

Foi solicitada, con data 02/06/2017, ó Consorcio da Zona Franca de Vigo oferta de venda ao Concello da parcela M12-A do Parque Empresarial Porto do Molle, indicando o prezo, o prazo de duración da mesma e condicións do contrato, á que deberá xuntarse a certificación rexistral correspondente. Con data 23/06/2017, o Consorcio de Zona Franca de Vigo presenta a súa oferta.

Con data 17/08/2017, solicitouse do Consorcio a aclaración correspondente á oferta na que se indicase o importe do prezo, sin incluír nel a redución á que se refire no seu escrito de 23 de xuño.

A data de hoxe aínda non se recibiu tal aclaración que se considera necesaria para a determinación do prezo certo do contrato, sendo este un elemento esencial do mesmo.

En consecuencia, e atendendo ó tempo transcorrido, dispónse:

Arquivar o expediente iniciado para a adquisición de terreo para a construción de nave-almacén municipal.

---

**Deliberación.-** *D. Alberto García Pazos, do grupo Popular:* le a referida providencia do Alcalde e sinala que queda claro que non é culpa do Concello.

### II.2.- ROGOS E PREGUNTAS

1.- *D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Carmen Alonso Macías Jorreto, do grupo Popular:*





1.1. No recuerdo bien si en el Pleno de diciembre de 2016 o en el de enero de 2017, ante una pregunta mía sobre el cementerio de Priegue se me contestó que ya estaba legalizado. Mi sorpresa es que un año después los vecinos han venido a preguntarme qué pasaba; que no estaba legalizado. Como no entendía llamé a la Consellería de Sanidade y me han dicho que estaban a la espera de un informe del Concello. Qué está pasando y por qué nos han mentido?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Todo o proceso non é tan sinxelo, pero están todos os pasos dados e único que falta é un informe de Patrimonio. Entrou por rexistro en Patrimonio en maio ou xuño. Hai quince días aínda estaba pendente de que llo adxudicaran a un técnico para que o informara.

1.2. Felicitar a la concejala de turismo de Chandebrito por esa carta que logró conmovier a la Administración de Loterías del Estado. Si fue por el tema de los incendios de Chandebrito ¿por que no se llevó el árbol allí, que era la “zona cero”?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Loterías do Estado ponse en contacto coa Asociación de Veciños e Comunidade de Montes de Chandebrito para colocar a árbore na parroquia de Chandebrito. Por parte da Comunidade de Montes e a Asociación de Veciños propoñen que se coloque onde está a igrexa, pero Loterías di que alí é imposible que chegue tecnicamente a árbore, porque a trouxo un trailer. Entón desde Chandebrito propuxéronlle que se puxera no torreiro das festas, pero ese sitio non lle parecía adecuado a Loterías. Nese momento o presidente da Comunidade de Montes de Chandebrito púxose en contacto co Concello e lle dixo que como Loterías non o podía por alí, que lle mandáramos a Loterías todas as diferentes posibilidades que había. Mandáronselle e elixiron aí.

*Sra. Alonso Macías Jorreto:* Pues hoy mismo el presidente de la Comunidade de Montes de Chandebrito en un periódico hay una queja de porque no se puso allí arriba.

**2.- D<sup>a</sup>. Liliana Silva Pequeño, do grupo Popular:**

2.1. ¿Está ya entregada ya la obra del pabellón de Panxón? ¿Sigue usándose para las actividades deportivas y los clubs deportivos?

2.2. ¿Hay previsión de que se entregue antes de Reyes, que se hace la recepción y se llena de gente?

*D<sup>a</sup>. Raquel Giráldez Armas, concelleira Delegada:* No, porque la Ingeniera va a estar de vacaciones hasta después de Reyes.

*Sra. Silva Pequeño:* ¿Está previsto hacer el acto de Reyes en el pabellón? Esperemos que no pase nada.

2.3. ¿En que situación se encuentra el Playa, cerrado, abierto, limpio, no limpio, sucio, no sucio, roto, no roto ?





*Sr. Alcalde-Presidente:* Abierto, bastante sucio, bastante roto.

*Sra. Silva Pequeño:* Abierto cuando quieren.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Estamos esperando porque o concesionario dixo que iba a renunciar.

*Sra. Silva Pequeño:* No hace falta que renuncie cuando se incumple el contrato.

*Sr. Alcalde-Presidente:* É certo, é outra possibilidade.

**3.- D. Alberto García Pazos, do grupo Popular:**

3.1. Quedó pendiente de contestarme la Teniente Alcalde a la siguiente pregunta: ¿se ha ejecutado en el pabellón un modificado sin que el proyecto aún no haya sido modificado?. Me contestó: lo investigaremos. ¿Se investigó?

*Sra. Giráldez Armas:* Si

*Sr. García Pazos:* ¿El resultado de la investigación se puede saber?

*Sra. Giráldez Armas:* Hay modificado y está aprobado.

3.2. ¿Se publicó en el boletín oficial de la Provincia el calendario fiscal del Ayuntamiento para el 2018 como se aprobamos en el Pleno?

*Sra. Giráldez Armas:* Mañana se envía el anuncio.

3.3. ¿La derogación de la ordenanza fiscal de vados y entrada de carruajes que se aprobó en el Pleno se mandó ya al boletín oficial de la Provincia para que no entre en vigor para el próximo ejercicio?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Di o Interventor que está mandada pero non publicada.

3.4. Que de vez en cuando se revisen los acuerdos plenarios y el cumplimiento porque recuerden que en España, la jurisprudencia, las instrucciones, consideran que no somos cada uno una persona física, si no que somos unas personas que detrás sustentamos una serie de votos y una serie de personas que han puesto la confianza en nosotros, con lo que cuando aquí el Pleno por mayoría decide hacer algo debe tenerse en cuenta y cumplir ese mandato, porque si no estamos desvirtuando las reglas del juego democrático.

**4.- D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:**

4.1. Nós ao igual que o Partido Popular, esperemos que haxa máis grupos, queremos felicitar a Ana pola carta que mandou e que como consecuencia trouxo esta árbore da Lotería.

4.2. Ante a pregunta realizada por min no anterior Pleno, por que razón non se





contestou a unhas solicitudes de baixa no padrón de taxa por entrada de vehículos vostede contestoume que era debido a cuestións administrativas e que a contribuínte solicitaba a baixa a unha das dúas entradas que tiña na súa finca, co cal recoñecía que tiña dúas entradas. Máis adiante sinalou que ela dixo que tiña dúas entradas na súa alegación. Esta contribuínte presentou recurso de reposición o 20 de xaneiro de 2017, no que solicitaba que se procedese á baixa no padrón de contribuíntes no exercicio 2013 da taxa pola entrada de vehículos a través de beirarrúas e reserva de vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos e por carga e descarga de mercadorías de calquera clase, así como anular o recibo do citado exercicio para o pago da taxa, que foi remitido ao seu domicilio por carecer de amparo legal, non existir feito impoñible, non ser suxeito pasivo, nin estar obrigado ao seu pagamento e incumprimento grave dos artigos 2.3 e 7.3 da ordenanza fiscal. Taxa pola que se pretendía cobrar 21 euros. A resposta a este recurso foi darlle de alta de oficio outra entrada, duplicándolle a taxa a esta contribuínte, polo tanto non foi a contribuínte a que afirmou, como dixo vostede no anterior Pleno, que tiña dúas entradas, senón que foi vostede na resolución a dito recurso, previa inspección, quen afirmou que tiña dúas entradas. En todo caso non era iso polo que preguntaba, senón pola razón pola que non se lle contestaba á súa solicitude. Ante estes feitos e a resposta que me deu, fágolle as seguintes preguntas:

Dado que ese mesmo día contestóuselle á contribuínte, aínda que non ao solicitado, por que preferiu contestarme cunha mentira en vez de contestar que xa se lle contestara?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Estas contestacións son técnicas. Non hai persecución a ningunha contribuínte.

*Sr. Cuevas Raposo:* Entón informaron mal os técnicos, porque vostede me contesta unha cousa que non se corresponde coa realidade.

4.3. Vostede o 25 de xaneiro de 2017, cinco días despois da presentación do recurso pola afectada, ordenou que se fixera unha inspección a esta contribuínte do número de entradas que existían. Por que razón?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Eu non ordenei. Será unha cuestión técnica.

4.4. De todas as reclamacións que se fixeron, en cantas fixo unha providencia para ordenar a inspección do número de entradas?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Non teño constancia. Non podo sabelo de memoria.

4.5. Ten coñecemento vostede de que hai numerosas fincas de vivendas unifamiliares iguais ao caso que se menciona que só se computa unha entrada?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Non.

4.6. O artigo 7.4 da ordenanza reguladora da taxa establece que as baixas no padrón deben solicitarse expresamente polo contribuínte debéndose de ditar e notificar o acordo correspondente. Ten dereito a veciñanza a solicitar a baixa no padrón?





*Sr. Alcalde-Presidente:* Se o pon na ordenanza terá dereito.

4.7. Ten dereito a veciñanza a que se lle notifique o acordo correspondente?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Se a ordenanza o pon, si.

4.8. No caso que nos ocupa vaise notificar o acordo correspondente ou vanse a contestar cuestións que non teñen que ver coa solicitude?

*Sr. Alcalde-Presidente:* O informe que fagan os técnicos será o que se lle conteste. Por suposto non vai ser unha decisión do Alcalde, será unha decisión técnica como todas as que se fan aquí.

4.9. O artigo 2 desta ordenanza fiscal di, relativo ao feito imponible, que constitúe o feito imponible da taxa a utilización privativa ou o aproveitamento especial por entrada de vehículos a través de beirarrúas e reserva de vía pública para aparcamentos exclusivos. Cal é a razón pola que se lle obriga a pagar a taxa a veciños que non fan a utilización privativa ou aproveitamento especial por entradas de vehículos a través de beirarrúas?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Terei que consultalo tecnicamente.

*Sr. Cuevas Raposo:* Lémbrolle que ten que contestar no seguinte Pleno.

4.10. En que artigo da ordenanza reguladora ou da lexislación vixente está prevista a obrigabilidade de pagar unha taxa pola utilización privativa ou polo aproveitamento especial por entrada a través de beirarrúas cando non se fai ou non se quere facer o uso de esa utilización privativa?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Contéstolle no seguinte Pleno.

4.11. No caso que nos ocupa ten coñecemento que nos exercicios 2013 e 2014 vaise cobrar a taxa a pesar de que o Concello denegoulle a concesión dun vao permanente o 16 de marzo de 2015 e que a entrega da placa do mesmo non se realizou ata o 17 de outubro de 2016, que é o instrumento que pode garantir de forma efectiva o aproveitamento especial da beirarrúa?

4.12. Parécelle normal a vostede cobrarlle a taxa por entrada de vehículos a un contribuínte cando a ese mesmo contribuínte se lle denega a placa de vao?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Contéstolle por escrito.

4.13. No pasado Pleno preguntei si un valo situado ao carón do quiosco de Prado tiña licenza. De acordo co ROF ten que contestarme neste Pleno. Ten licenza ese valo?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Está pendente dos técnicos de urbanismo, de que fagan o informe.

4.14. Canto está ingresando o Concello polo aproveitamento especial de uso de terreo público dese valo?





4.15. Mandouse a alguén a facer algunha inspección a este valo?

4.16. Que problema existe coa limpeza do Colexio Humberto Juanes?

*Sr. Alcalde-Presidente:* A dirección do colexio o día 15 presentou un escrito por rexistro do Concello dicindo que había problemas na limpeza. Intentaremos solucionar ese problema.

4.17. Este problema coas empresas de limpeza non é o primeiro que acontece, supoño que o saberá. Por que razón non se contratou a auditoría dos servizos de limpeza privatizados polo Concello de colexios e instalacións municipais?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Porque non se fixo a auditoría.

4.18. Abríuselle algún tipo de expediente a estas empresas?

*Sr. Alcalde-Presidente:* O día 15 presentou o escrito o colexio, hoxe é día 19, non vamos a abri-lle un expediente xa.

4.19. E das anteriores incidencias que aconteceron co servizo de limpeza?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Sei por parte dos colexios que ás veces hai certas incidencias. Intentan solucionarse.

*Sr. Cuevas Raposo:* Aquí parece que contratar con este Concello é un choio. Non te auditan, non te controlan. Se hai unha queixa vas a posteriori a solucionalo. Non se fai ningún tipo de prevención, non se vixía que os contratos se cumpran....

4.20. Asinouse o convenio para recibir a subvención da biblioteca?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Non, porque o convenio firmárase dentro de quince días en Pontevedra con todos os Concellos.

#### 5. D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:

5.1. É certo que nas últimas chuvias entro auga no pavillón?

*Sra. Giráldez Armas, concelleira Delegada:* Houbo algunha filtración nas salas novas pero non é na zona que se tocou a cuberta. A cuberta só foi substituída na zona de xogo da pista e das gradas. Entrou despois de baldear a fachada e quedaron gretas. Estiveron corrixindo as deficiencias e limpando os canlóns. E en principio quedou solucionado.

5.2. Hai dúas ordenanzas que o prazo terminou o día 18, pero a de vaos creo que termina mañá. Revise de que estea nesas publicacións que vai levar o venres á Deputación.

5.3. No tema da reclamación da taxa pola entrada de vehículos, no expediente non aparece ningún informe, polo que parece que é vostede quen resolve. Que inconveniente







hai para que un cidadán que pide a baixa nun padrón non se lle acepte? Chama a atención de que pode haber algunha cuestión un pouco estrana polo medio, quero pensar que non.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Son respostas que se fan desde os diferentes departamentos.

**6.- D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:**

6.1. A raíz da moción do PP falamos do Plan Concellos, a Nigrán correspóndenlle, no ano 2018, 996.213,29 euros. Ademais terá dispoñibles desde xa a liña 1 do 2019 que ascende a 712.998,49 euros. Xa dixeches que unha vez coñecida a cantidade incluírase no orzamento do 2018, cousa da que eu me congratulo, pero como xa tiña previsto preguntalo, imos a tratar e someter ao Pleno o destino do Plan Concellos 2018?

*Sr. Alcalde-Presidente:* É o que acordamos na moción, incluílo no orzamento se chega a tempo e aínda que non chegue a tempo, falalo na comisión ou na Xunta de Portavoces, aí decidir dos proxectos que temos enriba da mesa cales son os máis interesantes. Non vai ser so 2018, senón que as inversións de 2019 tamén se poden aprobar. O plantexamento que quero facer é levar as dúas xuntas, 2018 e 2019.

6.2. O 25 de outubro mediante resolución de Alcaldía aprobouse a modificación de crédito 34/17 que é unha ampliación de crédito por achegas por demolicións por importe de 431.025,49 euros., destinados a demolición dos elementos que restan das instalacións Hormigóns Val Miñor na Avda de Portugal. Executouse xa esa demolición?

*Sr. García Moreira, concelleiro Delegado:* Hai presentado un recurso en sede xudicial contra o proxecto de demolición e á parte hai un recurso de reposición presentado contra a liquidación, polo que de momento non podemos continuar cos trámites ata que se resolva en sede xudicial.

6.3. Contra a contratación de 8 auxiliares de Policía Local para 6 meses houbo unha interposición dun recurso de alzada por un aspirante. Resolveuse?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Hai que miralo.

6.4. O día 23 de outubro hai unha resolución de Alcaldía curiosa porque di: "... deixar constancia de que na selección de contratación do persoal seguíronse os procedementos establecidos na normativa de aplicación á selección de persoal ao servizo das administracións públicas, con pleno respecto aos principios de igualdade, mérito e capacidade, tal e como se acredita documentalmente no expediente referenciado. Por que hai unha resolución da Alcaldía con esta, en principio é unha obviedade?

*Sr. García Moreira:* Ten pinta de ser parte da xustificación de auxiliares da Xunta de Galicia.

6.5. Fíxose algún contrato de mantemento do programa de xestión de expedientes do Concello?

*Sra. Giráldez Armas:* Mantemento anual non, puntualmente si que de vez en cando





## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

se contrata algunha asistencia puntual para algunha actualización ou traballo extra.

*Sr. Rodríguez Fernández:* Non sería máis oportuno ou adecuado facer un contrato de mantemento?

*Sra. Giráldez Armas:* Non é tanta a necesidade dun mantemento continuado, senón máis ben das actuacións estas, pero pode valorarse.

6.6. Respecto á limpeza do Humberto Juanes, é certo que o persoal encargado da limpeza non acudiu ao colexio durante un longo período de tempo?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Non temos constancia diso.

*Sr. Rodríguez Fernández:* Eu o que sei é o que saíu na prensa, pero vostede a diferenza de min, ten un escrito do colexio. Nese escrito informáselles de que non asistiu a realizar a limpeza o persoal?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Non estou seguro se o pon, sei que pon que hai deficiencias na limpeza e falando coa nova dirección do colexio teñen certa preocupación porque a limpeza do colexio non é a óptima.

*Sr. Rodríguez Fernández:* Me parecería oportuno aclarar se o persoal acudiu ou non acudiu todas as horas e xornadas que ten fixado. Senón haberá que requirirle á empresa por un grave incumprimento do contrato.

\*\*\*

Ao non haber máis asuntos que tratar, rematouse o acto, e o Sr. Alcalde levantou a sesión á hora anteriormente consignada, do que eu, Secretario, dou fe.

O SECRETARIO

Vº e Prace  
O ALCALDE  
Juan Antonio González Pérez

